

Instruccións para cumprimenta-la documentación altas (NOVAS INSCRICIÓNs) de Sociedades no Rexistro de Entidades Deportivas.

Antes de comezar a cumprimenta-los impresos de novas inscricións de sociedades na Federación Galega e no Rexistro de Entidades Deportivas, prégase ler atentamente as seguintes instruccións:

1. **SOLICITUDE OFICIAL.** Solicitude da Sociedade dirixida ao Secretario Xeral para o Deporte, cumprimentando tódolos datos que nela se sinalan. **Esta solicitude deberá asinala o Presidente da Sociedade na marxe inferior esquerda.**
2. **ACTA DE CONSTITUCIÓN.** Nela figurarán as persoas que constitúen a Sociedade (como mínimo 5 membros). Deberanse cumprimentar tódolos datos que figuran no impreso. **Este documento deberán asinalo tódalas persoas que se relacionan nel.**

IMPORTANTE: Entre a data da Acta de Constitución, e o resto da documentación deberán de mediar alomenos 15 días naturais (Exemplo: se unha Sociedade se constitúe o día 1 de xaneiro, esta data figurará na Acta de Constitución, mentres que no resto da documentación deberá figurar coma mínimo o día 15 de Xaneiro).

3. **CERTIFICACION DE APROBACION DE ESTATUTOS.** Será emitido polo Secretario xeral da sociedade, cumprimentando tódolos datos que figuran no impreso (a data da asemblea de aprobación de estatutos non poderá ser anterior ao 14-4-2012, data de entrada en vigor da nova Lei do Deporte de Galicia). **Este documento deberán de asinalo o Presidente e Secretario da Sociedade.**
4. **RELACION DA XUNTA DIRECTIVA.** Relación de tódolos membros da directiva ou xunta xestora da Sociedade, con expresión de tódolos datos que se indican no impreso (mínimo 5 Directivos e máximo 15). **Este impreso deberán asinalo tódolos Directivos que figuren na relación (se fora necesario utilizar dúas follas para relaciona-la xunta directiva ou xunta xestora, deberán asinarse ámbalas-dúas follas).**
5. **ESTATUTOS.** Deberán de axustarse ao modelo oficial que facilita ao efecto a Federación Galega de Caza, cumprimentando tódolos apartados que figuran en branco. **Deberán asinarse tódalas páxinas dos Estatutos (á marxe esquerda) por tódolos membros da Xunta Directiva ou Xunta Xestora, agás as páxinas nº 8 e 12 que se asinarán ao pé de páxina.**

No artigo 5 (requisitos para ser socios) deberán cumprimentarse os requisitos que se lle exisan aos socios de número. O documento adxunto denominado "**modelo de requisitos (artigo 5 estatutos da sociedade)**" pode servir de orientación, a modo de exemplo, para cumprimenta-los requisitos que deberían reunir os socios (poden seleccionarse os que máis se axusten ao caso concreto da sociedade)

6. **TAXA DE AUTOLIQUIDACIÓN.** Á Documentación anterior unirase o **exemplar para a Administración** da Taxa de Autoliquidación da Inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas a favor da Secretaría Xeral para o Deporte. Dita taxa deberá de cumprimentarse cos datos do Presidente da Sociedade e cos códigos que facilitará ao efecto a Federación de Caza (**ver documento "6) Taxa inscrición Rexistro"**), e facela efectiva en Novagaliciabanco ou Banco Popular-Pastor onde lle facilitarán o impreso orixinal para cumprimentar.

IMPORTANTE:

- Dos documentos anteriores deberán remitirse 5 copias (solicitude oficial, acta de constitución, certificado de aprobación de estatutos, relación da xunta directiva, e estatutos) á Federación de Caza, desde onde nos encargaremos de face-lo trámite directamente co Rexistro de Entidades Deportivas.

- As firmas de tódolos documentos, das 5 copias, deben ser orixinais.

- O nome da Sociedade deberá figurar exactamente igual en tódolos formularios, documentos e apartados nos que se mencione.